

PREGUNTA DE AER SOBRE VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RPLN-16).

PLENO 06 SETEMBRO 2018. ACTA 10/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

Sobre achegamento á cultura de base de Redondela. *“Redondela conta con gran cantidade de programación desenvolta por entidades, asociacións e centros culturais sen ánimo de lucro. Esta actividade é un complemento ou practicamente podemos dicir que é un substituto á programación oficial do Concello de Redondela, chegando onde a programación oficial case que non chega, e cubrindo aspectos culturais e inquietudes que o propio Concello non abarca. Ou sexa, desenvolven unha actividade cultural moi necesaria e enriquecedora da programación sociocultural de Redondela.*

É un deber, ao noso ver, do goberno local achegarse periodicamente a estas entidades para coñecer as necesidades, dificultades, ideas e propostas destas entidades para así apoialas no que precisen, de cara a que poidan seguir desenvolvendo a súa actividade. Desgraciadamente temos constancia de que as reunións da Concellería de Cultura coas entidades culturais existentes no Concello son mínimas, con resultados prácticos case que nulos e habitualmente realízanse tras petición e insistencia da entidade cultural. Por todo anteriormente exposto, PREGUNTAMOS:

A que se debe ese desinterese do goberno local por achegarse ao movemento asociativo e cultural de Redondela para coñecer a súa realidade, necesidades e as ideas que poden aportar á cultura do noso concello?”

Resposta. Sra. París: os concelleiros somos cercanos e atendemos a calquera persoa, a calquera proxecto de entidade ou asociación se nos queira trasladar. A miña porta sempre está aberta. Respectando o traballo que eles fagan. Seguimos facendo cousas para que o Concello de Redondela siga disfrutando.